




COSTA DE VIGO

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019





Distancia: Uns 35 km incluíndo o achegamento á Guía máis 20 para cerrar o círculo saíndo do centro de Vigo
Dificultade: baixa



Ría de Vigo

- 1-Rego Pisadoiro. Punta de Arealonga.
- 2-Porto e praia da Cacharela. Praia de Mende.
- 3-Porto de Teis. Praia de Ríos.
- 4-Praia da ETEA
- 5-Praia e punta de Areiño
- 6-Praia e punta da Guía. Faro.
- 7-Illote Cabrón
- 8-Punta do Corno. Praia da Lagoa.
- 9-Praia da Fábrica. Praia de Manquiña.
- 10-Porto de Guixar. O Areal.
- 11-Porto deportivo.
- 12-Terminal de pasaxe
- 13-Porto do Berbés
- 14-Porto de Bouzas
- 15-Praias do Adro e da Fontoura. Punta Fiunchal.
- 16-Praias do Carril e Santa Baia. Punta das Cruces.
- 17-Praia do Cocho. Punta do Muíño. Museo do Mar. Praia da Mourisca.
- 18-Praias de Fontes e Pincho do Gato
- 19-Praias Espedrigada e Cocho das Dornas.
- 20-Cabo do Mar ou punta de Samil
- 21-Praia Azul/Argazada. As Queimadas
- 22- Praia de Samil
- 23-Desembocadura do río Lagares
- 24-Praia da Foz
- 25-Praias da Calzoa ou As Barcas, Fuchiños e a Fontaíña
- 26-Praia Baluarte ou Breadouro.
- 27-Praia do Vao. Praia e rochas do Serral.
- 28-Illa e praia de Toralla
- 29-Praia de Canido. Punta dos Pinos. Porto de Canido.
- 30-Praia de Xunqueiro
- 31-Punta Marosa ou do Tendal
- 32-Praia e punta da Sobreira
- 33-Praia da Buraca. Punta Serral ou Suadecostas
- 34-Cabo Estai
- 35-Praia da Furna. Punta do Apio.
- 36-Praia do Canto da Area
- 37-Pedra do Navío. Praia da Noiva. Praia dos Muíños de Fortiñón.
- 38-Praia do Portiño
- 39-Punta de Priegue
- 40-Rego de Saiáns. Praia dos Muíños.
- 41-Illas Cíes





O concello de Vigo está situado na banda sur da ría de Vigo.

Na costa temos que distinguir dúas zonas: a das illas Cies, toda ela rochosa e exposta cara ao mar aberto, e con algunhas praias na parte que dá á ría; e a costa continental na que, a pesar de ter case a metade da súa lonxitude ocupada por instalacións portuarias e industriais, se alternan as zonas rochosas e areosas polo que conta con numerosas praias, entre as que destaca, tanto polo seu tamaño como polas súas infraestruturas, a de Samil. Vigo conta coa agrupación urbana máis grande de Galiza con preto de 300.000 habitantes. As principais actividades son os servizos, a industria e a pesca.

As illas Cies, forman parte do **Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galiza**.

O litoral de Vigo ten tres partes ben diferenciadas: a do norte, o tramo de Teis a Bouzas, ocupado case todo por recheos de instalacións industriais e portuarias entre as que quedan algúns ocos que acollen pequenos portos tradicionais e restos de areais, maiormente na contorna do monte da Guía, un litoral artificial, illado e alleado, inaccesible en case todo a fronte urbana a non ser no tramo arredor da estación marítima, o clube náutico e o Berbés; o tramo entre Bouzas e o cabo Estai, o dos grandes areais, o único con acceso doado e grandes espazos polos que moverse con liberdade; e o tramo sur, no que predominan os cantís e os fondos rochosos, tamén de acceso difícil, case imposible, como consecuencia da ocupación total da liña da costa por edificacións e peches privados.

Facer un percorrido por el é longo e complexo na primeira parte, pola complicación dos trazados das rúas, pola cantidade de tráfico e a dificultade engadida de atopar lugares onde aparcar; na parte das praias hai aparcamentos en case todas elas aínda que algúns teñen o seu aquel ao non estaren sinalados; e no último tramo é dificultoso moverse pola estrutura da costa e o nivel que acadan as mareas polo que só é accesible coa marea baixa e nos areais que están sinalizados desde a estrada e nas súas contornas.



RÍA DE VIGO

Ábrese entre o Cabo Home, ao norte e Cabo Silleiro, ao sur. É a ría máis longa de Galiza, con 33 km, unha superficie de 176 km² e unha profundidade máxima de 44 km. O estreito de Rande separa a parte interior chamada Enseada de San Simón, unha zona abrigada con augas pouco profundas, da exterior, máis aberta e de augas máis fondas.

PERCORRIDO

Comezamos a ruta. O litoral de Vigo comeza na **punta de Arealonga**, á que se pode chegar desde Chapela seguindo o indicador da **praia de Arealonga**, e desde alí camiñando pola beira, ou co coche aínda que logo hai que volver atrás polo mesmo sitio, achegarnos á praia e ao **porto da Cacharela** e á **praia de Mende**, e rodeando a punta na que se atopa a EDAR, á zona de recheos e espazos privatizados que xa non se interrompen ata o **Portiño de Teis** e a **praia de Ríos**. Para chegar alí temos que volver á estrada principal e desviarnos logo pola rúa da Mariña para baixar á Ríos. Desde a praia de Ríos hai un roteiro que percorre o litoral, o monte da Guía e outros puntos de

interese da contorna, polo que podemos camiñar para coñecer a costa de arredor do monte ata onde volven a comezar os recheos e os valados que impiden seguir pola beira do mar. Volvendo de Ríos e aproveitando o preto que estamos podemos desviarnos ao monte da Guía para gozar das panorámicas da ría e ter unha vista do conxunto das instalacións portuarias que ocupan a costa. A parada seguinte temos que facela na contorna da **estación Marítima** e desde alí seguir ata **Bouzas**. De Bouzas en diante a estrada corre paralela á costa aínda que hai que coller curtos desvíos de ida e volta para achegarse ás praias ata que viramos no **cabo do Mar** para atoparnos con **Samil** que se percorre a todo o longo, no final cruzamos o **río Lagares** para continuar preto da beira e das praias **A Foz, A Calzoa** ou **das Barcas, Fuchiños, Fontaiña, o Baluarte** e **O Vao**, pasar en fronte da illa de **Toralla**, e chegar a **Canido** onde a liña das casas e os peches se converte nun valado continuo onde hai que ir moi atentos para atopar os puntos que permiten acceder ás **praias do Xunqueiro** e **A Sobreira**, curtas rúas sen saída que rematan no mar, e ao seguir, obrigados pola sinalización do tráfico, chegamos a un punto, un xiro á esquerda sen casas, onde se pode parar para coller o carreiro polo que se chega ao **Cabo Estai**. De aquí en diante só as gañas de velo todo nos poden motivar para percorrer estradiñas estreitas e laberínticas para chegar a puntos polos que se pode ir ata a beira do mar, polo que o mellor é seguir pola estrada principal e desde ela coller os desvíos sinalizados: primeiro o de **praia de Saiáns** polo que nos achegaremos ás **praias da Noiva** e dos **Muíños do Fortiñón**, e máis adiante o desvío ao restaurante o **Portiño** que se atopa ao pé da praia do mesmo nome e preto da **punta de Priegue** case no límite do territorio do concello de Vigo.



Vigo é a cidade máis grande de Galiza, é o máis importante porto pesqueiro e conserveiro do Estado e un dos primeiros de Europa. É o primeiro centro industrial de Galiza, no que destacan a construción naval, a produción de automóbiles e a industria conserveira.





1-Punta de Arealonga



2-Porto e praia da Cacharela



Praia de Mende.



3-Porto de Teis



Praia de Ríos.



Teis



4-Praia da ETEA



5-Praia e punta de Areíño




6-Praia e punta da Guía



6-Praia e punta da Guía.




Faro da Guía



Punta da Guía



7-Illote Cabrón



8-Punta do Corvo. Porto deportivo.



Praia da Lagoa



9-Praia da Fábrica



Praia de Manquiña



10-Porto de Guixar e O Areal



11-Porto deportivo.



12-Terminal de pasaxe






13-Porto e lonxa do Berbés



Litoral entre O Berbés e Bouzas



Porto de Vigo e ria desde o monte do Castro, un excelente miradoiro sobre a cidade e a ría.



Praia do Adro



14-Porto de Bouzas. Unha das esculturas do dique de acondicionado para paseo.



Enseada de Bouzas.



Praia da Fontoura



Enseada de Bouzas e punta Fiunchal.



Punta Fiunchal e praia do Carril



16-Praia do Carril



Punta da Cruces.



Praia de Santa Baia.



17-Praia do Cocho.



Punta do Muíño. Museo do Mar de Galiza, un centro cultural e científico dedicado ao mar, inaugurado en xuño do 2002. No recinto acolle os restos do castro de Alcabre.



Punta do Muíño, ría de Vigo e illas Cíes



Praia da Mourisca.



18-Praia de Fontes



Praia do Pincho do Gato



Entre as praias de Fontes e Pincho do Gato



19-Praia Espedrigada



19-Praia do Cocho das Dornas



20-Cabo do Mar ou punta de Samil



21-Praia Azul ou Argazada



21-As Queimadas



22- Praia de Samil, un areal de 1.700 m de lonxitude. A súa proximidade ao centro de Vigo convértea na máis concurrida e mellor dotada de servizos. No inverno é un bo lugar paseo.



23-Desembocadura do río Lagares.
O Río Lagares nace nos montes no Coto Ferreira e desemboca na Ría de Vigo, entre as praias de Samil e A Foz. Na parte baixa do curso existe un sendeiro que se pode percorrer a pé ou en bicicleta.



25-Praia da Calzoa ou As Barcas



24-Praia da Foz



25-Praia de Fuchiños ou Fechiña




Praia da Fontaiña ou da Sereiña



26-Praia Baluarte ou Breadouro



27-Praia do Vao



Praia e rochas do Serral.



28-Illa e praia de Toralla



29-Praia de Canido



Punta dos Pinos. Porto de Canido.



30- Praia de Xunqueiro



31-Punta Marosa ou do Tendal



32-Praia da Sobreira



Punta da Sobreira



33-Praia da Buraca e punta Serral ou Suadecostas



34-Cabo Estai





Cabo Estai e praia da Furna



Punta do Apio



Cabo Estai e punta do Apio, onde se ubica o Instituto Oceanográfico Español.



36-Praia do Canto da Area



37-Praia da Noiva.



Pedra do Navío



Praia de Saiáns ou dos Muíños de Fortiñón





Pedra do Corvo



Laxe do Porto



38-Praia do Portiño



39-Punta de Priegue



Costa de Vigo, dede o cabo Estai ata A Guía

ILLAS CÍES

Arquipélago situado na boca da ría de Vigo formado polas illas do Medio ou do Faro, Monteagudo, San Martiño e varios illotes: Agoreira ou Boeiro, Penela dos Viños, Carabelos, Ruzo ...

As costas occidentais das tres illas son cantís abruptos batidos polos temporais do Atlántico e as orientais ladeiras suaves con areais e sistemas de dunas. A altitude máxima atópase na illa Norte ou Monteagudo (Alto Cíes, con 186 m).

Declaradas Parque Natural en 1980, Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), LIC/ZEC e forman parte do PARQUE NACIONAL "ILLAS ATLÁNTICAS DE GALIZA" desde xuño de 2000.

Teñen un grande interese xeolóxico, paisaxístico e biolóxico. A insularidade, a pesar da súa proximidade á costa, e as variacións ambientais permitiron o asentamento e a preservación de especies únicas.



Illa de San Martiño, do Faro e Monteagudo



Illa de San Martiño



Illa do Faro, praia das Rodas e Illa de Monteagudo



Cantís na Illa do Faro